

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2023 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e se convocan as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio (probos de lingua galega) do proceso selectivo para cubrir dúas prazas da categoría profesional de condutor.

Mediante a Resolución reitoral do 4 de novembro de 2022 (DOG do 18 de novembro) convocáronse probas selectivas para cubrir dúas prazas da categoría profesional de condutor, grupo III, unha pola quenda de acceso libre e outra pola quenda de promoción interna, vacantes no cadro de persoal laboral.

Mediante a Resolución reitoral do 13 de febreiro de 2023 (DOG do 21 de febreiro) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas citadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión. Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas nas citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

Terceiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas que non están exentas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición (probos de lingua galega) o día 6 de xullo de 2023, ás 10.00 horas, na aula 3 da Biblioteca Concepción Arenal, rúa dos Feáns, s/n, Campus Vida, Santiago de Compostela.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos demais exercicios efectuarase nos locais onde tivese lugar a proba anterior, no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

CVE-DOG: fy033f8-5wz6-q1x8-1nt5-bhd1zt0jvrh4



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: fy033f8-5wz6-q1x8-1nt5-bhd1zt0jvrh4

